



**Concello de Tomiño**

PONTEVEDRA

P-3605400-E  
Praza do Seixo  
Tel 986 622 001  
Fax 986 622 530  
C.P. 36740

tomino@concellos.depontevedra.es

**ACTA DE CONSTITUCIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A APERTURA E CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN E OFERTAS PRESENTADAS E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DOS POSTOS 7, 8 E 12 NA PLANTA ALTA DA PRAZA DE ABASTOS MUNICIPAL DE TOMIÑO, NO SEIXO.**

En Tomiño a 20 de DECEMBRO de 2016 sendo as 12 horas, constituíuse, en acto non público, a Mesa de Contratación, composta na forma que a continuación se sinala, para proceder á cualificación da documentación que foi presentada, en tempo e forma polas empresas e particulares que participan na licitación mediante procedemento aberto, tramitado para a CONCESIÓN DO USO PRIVATIVO DOS POSTOS NA PLANTA ALTA DA PRAZA DE ABASTOS MUNICIPAL DE TOMIÑO, NO SEIXO. POSTOS 7, 8 E 12

EN PRIMEIRO LUGAR DASE CONTA DO ACORDO DA SESION DA XGL DO 16 DE DECEMBRO DANDO POR VALIDA A LICITACION AINDA QUE A MESMA NO FOI PUBLICADA NO PERFIL DO CONTRATANTE.

ACLARAR QUE A LICITACION E A TERCEIRA, E RELATIVA AOS POSTOS Nº 7, 8 E 12, E NON O 9 COMO POR ERRO FIGURA NO ACORDO MAIS NON NO PLANO QUE OBRA NO EXPEDIENTE, QUE RECOLLE QUE O POSTOS SON OS NUMEROS 7, 8 E 12.

A Mesa de Contratación estivo integrada polos seguintes membros: PUBLICÁNDOSE A SÚA CONVOCATORIA NA WEB DO CONCELLO

PRESIDENTE: Alcadesa do Concello de Tomiño, Sandra González Alvarez

VOCALES:

- A secretaria do Concello de Tomiño, CATALINA ECHEVARRIA BUADES.
- O adxunto a intervención Ricardo Pernas Romaní
- A arquitecta Municipal Aan I. Fuentes García

SECRETARIO/A :Maria del Carmen Fernández López, AEDL do Concello de Tomiño

*En primeiro lugar procédese á apertura do sobre A que contén a documentación recollida no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, segundo a orde de entrada no Rexistro do Concello e tendo en conta a resolución da Alcaldía como órgano de contratación que foi debidamente publicada no BOP, e pola que se determinaba que de estar a documentación do sobre A correctamente presentada, procederíase en acto público a apertura da restante documentación.*

De seguido procedeuse, en acto público, á apertura dos sobres "C" denominado Documentación Técnica, presentados polos licitadores que concorreron ao procedemento, despois do cal, a Mesa de Contratación, por unanimidade de todos os membros asistentes, ACORDOU:

PRIMEIRO.- Dar por válida a documentación achegada nos sobres "A" e "C" polos licitadores admitidos para a adxudicación dos Postos na planta baixa da Praza de Abastos de Tomiño.

Seguidamente, por orde do Presidente, procedeuse á apertura do sobre "B" denominado Oferta Económica, dos licitadores admitidos, ofrecendo o seguinte resultado:



**Concello de Tomiño**

PONTEVEDRA

P-3605400-E  
Praza do Seixo  
Tel 986 622 001  
Fax 986 622 530  
C.P. 36740

tomino@concellos.depontevedra.es

Nº Oferta	Licitante	Posto polo que oferta	Canon ofertado	Uso
2016/7738	A.C.G.	7	2.625,50€	Venda de cafés, tes ou bebidas para levar e consumir no mercado
2016/7739	A.C.G.	8	2.625,50	Venda de produtos doces
2016/7742	E.A.P.	12	1.874,25	Servizo de manicura e pedicura

**SEGUNDO.-** Proponer as adjudicacións de postos ANTES RELACIONADAS E POLO IMPORTE DE REFERENCIA.

**TERCEIRO:** Comunicarlle aos adjudicatarios que de acordo co establecido nas cláusulas 6ª e 11ª do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexe este procedemento, o adjudicatario como requisito previo á realización das obras e instalacións deberá comunicar ao Concello, ben mediante proxecto de execución ou memoria técnica descritiva das obras e instalacións a realizar.

E non poderá iniciar a actividade ata tanto non teña no seu poder informe sanitario acreditativo de que o posto cumpre as condicións hixiénico sanitarias dos produtos a expedir.

Estas obras e instalacións precisarán autorización do Concello que determinará o alcance, extensión e consideración das mesmas. Autorización que será competencia dos técnicos do Departamento de Urbanismo.

**CUARTO.-** Elevar todo o actuado ao órgano de contratación para que proceda, no seu caso, á adjudicación dos postos descritos, previa presentación por cada un dos licitadores propostos da documentación indicada no PCAP que rexe o presente procedemento.

A Presidencia dá por terminada a reunión, sendo 13:00 horas do día ao principio indicado, de todo o cal, eu, o Secretario, redacto Acta que someto á firma do Presidente e Vogais.

**O PRESIDENTE DA MESA,**

Sandra González Álvarez

**VOGAIS**



**O SECRETARIO DA MESA,**

María del Carmen Fernández  
López